



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 13 DE XUÑO DE 2015

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p>MESA DE IDADE</p> <p>PEDRO JOSÉ FERNÁNDEZ MANIN (PP) LORENA SEIVANE GARCÍA (BNG) RICARDO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIO DO CONCELLO</p> <p>CONCELLEIROS</p> <p>JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP) PEDRO JOSÉ FERNÁNDEZ MANIN (PP) SILVIA BLACH CUESTA (PP) MERCEDES JOSEFINA GONZÁLEZ ALONSO (PP) Mª TERESA LÓPEZ REGO (PP) JOSÉ FRANCISCO RAMALLEIRA FRAGA (PSG-PSOE) MARÍA DE LOS ANGELES VEIGA VARELA (PSG-PSOE) JOSÉ MARÍA LINARES RODRÍGUEZ (PSG-PSOE) LUIS ALFONSO SIXTO LEGASPI (FPF) JUAN LUIS GONZÁLEZ RIVEIRO (FPF) MARÍA PEÑA RUBIÑOS FERNÁNDEZ (FPF) LORENA SEIVANE GARCÍA (BNG) MARÍA TERESA REGO CABANAS (BNG)</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 12:00 horas do día 13 de xuño de 2015, baixo a presidencia de Pedro José Fernández Manín, e asistido polo Secretario da Corporación, Ricardo Fernández Fernández, que da fe do acto, reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión constitutiva da Corporación prevista para o día de hoxe, conforme ao disposto no artigo 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e de acordo co seguinte orde do día.</p>
---	---

1. – CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

O Secretario manifesta que o obxecto da sesión é proceder á constitución da nova Corporación do Concello de Foz, á vista dos resultados producidos nas eleccións do día 24 de maio. Explica que o procedemento a seguir para a constitución da Corporación municipal, de conformidade co disposto pola lexislación electoral vixente, implica a realización das seguintes operacións:

- 1) Constitución da mesa de idade formada polos concelleiros de maior e menor idade.
- 2) Comprobación das credenciais e declaracións de intereses dos concelleiros electos pola mesa de idade.
- 3) Xuramento ou promesa do cargo de concelleiro.
- 4) Declaración de constitución da Corporación.
- 5) Elección de alcalde.
- 6) Xuramento ou promesa do Alcalde electo.

A continuación procédese a constituír a Mesa de Idade co Concelleiro de maior idade Pedro José Fernández Manín, que actuará de Presidente, a Concelleira de menor idade, Lorena Seivane García e o Secretario da Corporación, que asistirá á mesa.-

Toma a palabra o Sr. Fernández Manín, que declara aberta a sesión para a constitución do Concello de Foz.-

O Secretario di que os Concelleiros electos presentes, que figuran na acta de proclamación da Xunta electoral de zona remitida ao Concello, entregaron con anterioridade na Secretaría Xeral do Pleno, as súas respectivas credenciais de concelleiros electos, así coma as declaracións dos seus bens patrimoniais e de actividades e outras causas de posible incompatibilidade, as cales pasan a integrar o libro de rexistro de intereses, custodiado na Secretaría Municipal.-

A continuación, o señor Presidente da Mesa de idade solicita que todos/ás os/ás Concelleiros/ás procedan a prestar xuramento ou promesa de acordo coa fórmula establecida polo Real Decreto 707/79 do 5 de abril, cuio texto literal é o seguinte:

Xuro / prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleira de Foz, con lealdade ao Rey, e respetar e facer respetar a Constitución como Norma Fundamental do Estado e o Estatuto de Autonomía de Galicia.-

Juro/ prometo por mi conciencia y honor cumplir fielmente las obligaciones del cargo de concejal/a del Ayuntamiento de Foz, con lealtad al Rey, y respetar y hacer respetar la Constitución como Norma Fundamental del Estado y el Estatuto de Autonomía de Galicia.

A continuación, o señor Secretario Xeral procede a chamar a cada un/a dos/ás Concelleiros/ás, os que, dun nun, e por orde alfabética, agás os membros da Mesa de Idade que o realizan en último lugar, se achegan á mesa presidencial e emiten o seu xuramento ou promesa de respecto á Constitución e ao Estatuto de Autonomía de Galicia, do xeito seguinte:

- D^a. SILVIA BLACH CUESTA (PP). Prometo.
- D. PEDRO JOSÉ FERNÁNDEZ MANIN (PP). Xuro.
- D^a. MERCEDES JOSEFINA GONZÁLEZ ALONSO (PP). Xuro.
- D. JUAN LUIS GONZÁLEZ RIVEIRO (FPF). Prometo.
- D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP). Xuro.
- D. JOSE MARÍA LINARES RODRÍGUEZ (PSG-PSOE). Prometo.
- D^a. M^a TERESA LÓPEZ REGO (PP). Xuro.
- D. JOSÉ FRANCISCO RAMALLEIRA FRAGA (PSG-PSOE). Prometo.
- D^a. MARÍA TERESA REGO CABANAS (BNG). Prometo.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

D^a. MARÍA PEÑA RUBIÑOS FERNÁNDEZ (FPF). Prometo.
D^a. LORENA SEIVANE GARCÍA (BNG). Prometo.
D. LUIS ALFONSO SIXTO LEGASPI (FPF). Prometo.
D^a. MARÍA DE LOS ANGELES VEIGA VARELA (PSG-PSOE). Prometo.

O Sr. Fernández Manín, en representación da Mesa de Idade, **declara validamente constituída a nova Corporación**, resultante das eleccións locais celebradas o pasado día 24 de maio.-

Toma a palabra o Secretario para explicar o procedemento de elección de Alcalde, de conformidade co previsto no artigo 196 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, de 19 de xuño, que levarase a cabo mediante o procedemento de votación ordinaria, na que se votará en primeiro lugar ao candidato da lista máis votada, en segundo lugar ao candidato da lista que quedase en número de votos en segundo lugar e así sucesivamente co resto de candidatos, sendo elixido Alcalde/sa, de conformidade co disposto polo artigo 196, da Lei Orgánica 5/1986, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, o/a candidato/a que obteña a maioría absoluta de votos e, no seu defecto, o/a candidato/a da lista que haxa obtido máis votos nas eleccións.-

Realizada esta explicación, presentan candidatura a Alcalde/sa os/as Concelleiros/as que seguidamente se indican, e que encabezan as correspondentes listas:

D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA.....PP
D. LUIS ALFONSO SIXTO LEGASPI.....FPF

D. JOSÉ FRANCISCO RAMALLEIRA FRAGA.....PSG-PSOE

D^a. LORENA SEIVANE GARCÍA.....BNG

Seguidamente, procédese a votación, de forma ordinaria, de cada un dos candidatos, **obténdose os seguintes resultados:**

D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA.....PP: 5 VOTOS
D. LUIS ALFONSO SIXTO LEGASPI.....FPF: 3 VOTOS

D. JOSÉ FRANCISCO RAMALLEIRA FRAGA.....PSG-PSOE: 3 VOTOS

D^a. LORENA SEIVANE GARCÍA.....BNG: 2 VOTOS

Non obténdose maioría absoluta de votos por ningún dos candidatos queda proclamado Alcalde do Concello de Foz o Sr. Concelleiro D. Javier Jorge Castiñeira do Grupo PP.-

Antes de proceder á toma de posesión por parte do Sr. Alcalde electo, polo Sr. Secretario réndese conta da **acta de arqueo** asinada con data 12 de xuño de 2015 polo Sr. Alcalde en funcións, a Sra. Interventora e a Sra. Tesoreira, co saldo seguinte:

Existencias actuais: 1.549.024,65 euros.

A continuación o Sr. Secretario pregunta ao Sr. Alcalde electo si acepta o cargo de Alcalde do Concello de Foz.-

Unha vez aceptado o cargo de Alcalde por D. Javier Jorge Castiñeira, procédese a tomar posesión de dito cargo mediante a manifestación seguinte:

Xuro pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde de Foz, con lealdade ao Rey, e respetar e facer respetar a Constitución como Norma Fundamental do Estado e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

Unha vez que o Sr. Alcalde toma posesión do cargo, o Secretario convida ao señor Alcalde a ocupar o sillón presidencial, facéndolle entrega do bastón de mando acreditativo do seu cargo, momento no que queda disolta a Mesa de idade.-

Toma a palabra D. Javier Jorge Castiñeira, Alcalde de Foz e dirixíndose a tódolos e veciños manifesta:

ESTIMADOS CONCELLEIROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL RECIÉN CONSTITUIDA.

ESTIMADO SR SECRETARIO DO CONCELLO DE FOZ, VECINOS E ASISTENTES A ESTE PLENO DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL E DE INVESTIDURA DO NOVO ALCALDE DO CONCELLO DE FOZ.

COMO XA FIXERA CON ANTERIORIDADE NA PASADA LEXISLATURA O 11 XUÑO DO 2011, REITERO QUE É UN ENORME PRACER SER PROCLAMADO NO DÍA DE HOXE COMO ALCALDE DO CONCELLO DE FOZ.

ENTENDO QUE PARA UN VECIÑO, NON PODE HABER MAIS HONRA QUE SER O LEXITIMO REPRESENTANTE DO POBO QUE O VEU NACER E CRECER, PODER LEVAR O NOME DE FOZ ALÍ POR ONDE SEXA NECESARIO, DEFENDER OS INTERESES DOS TEUS VECIÑOS, E VELAR POLO SEU BENESTAR TENTANDO MELLORAR AS CONDICIONS E A CALIDADE DE VIDA DE TODOS ELES.

DURANTE ESTES ANOS PASADOS PUIDEN SENTIR A SENSACIÓN DESA RESPONSABILIDADE MÁXIMA, DO TREMENDO ESFORZO FÍSICO E MENTAL QUE REQUIREN AS TAREFAS DE ALCALDE DUNHA LOCALIDADE COMA FOZ, UNHA DAS MÁIS IMPORTANTES DA NOSA PROVINCIA, NON SO EN POBOACIÓN, SENON EN REPRESENTATIVIDADE E ACTIVIDADE ECONÓMICA, SOCIAL E POLÍTICA.

NESTES CATRO ANOS COMO ALCALDE PUIDEN CHEGAR A SENTIR A ENORME TRASCENDENCIA DO CARGO PERO TAMÉN ME AXUDOU A ENTENDER A GRANDEZA DESTE POBO, O CARIÑO E O GRANDÍSIMO RESPETO QUE O RESTO DE GALEGOS E CIDADÁNS DE TODA ESPAÑA E MESMO DO EXTRANXEIRO NOS TEÑEN A TODOS OS FOCENSES .

NOS MOMENTOS DIFÍCILES E DONDE SE PODE MEDIR A VAÍLA DUN POBO, CANDO NON VENTA A FAVOR, CANDO TOCA PEDIR O ESFORZO A TODOS OS VECINOS, CANDO SE CONVIVE COA INXUSTICIA SOCIAL DA FALTA DE OPORTUNIDADES, E DA FALTA DE RECURSOS PARA LEVAR UNA VIDA DIGNA E NORMAL, COMO LLE PASA A MOITOS VECIÑOS.

SON ESES MOMENTOS DIFÍCILES QUE PUIDEN COMPARTIR COS MEUS, AS VECES PARTICIPANDO NA SOLUCIÓN DOS PROBLEMAS, E AS VECES SIMPLEMENTE ESCOITANDO AS SÚAS QUEIXAS E LAMENTOS.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

SON ESES MOMENTOS DE COMPLICACIÓN E DIFICULTADE OS QUE ME LEVAN A SEGUIR COA MÁXIMA ILUSIÓN E COMPROMISO CON FOZ, ASUMINDO A TAREFA DE REXEDOR MUNICIPAL NOS VINDEIROS ANOS.

FAGOO COA CONCIENCIA TRANQUILA DO DEBER CUMPRIDO, E DE HABER POSTO O MELLOR DE MIN E DOS MEUS COMPAÑEIROS DO GOBERNO PARA MELLORAR, DENTRO DO POSIBLE, AS CONDICIÓNS DE VIDA DOS VECIÑOS DE FOZ.

O ESFORZO NON FOI EN VALDE, E A NIVEL MUNICIPAL A SITUACIÓN DO CONCELLO MUDOU ENORMEMENTE, AINDA QUE RECOÑEZO QUE QUEDA MOITO POR FACER DURANTE ESTES CATRO ANOS.

AHÍ ESTAN OS INFORMES DOS TÉCNICOS MUNICIPAIS, ANTES DE ENTRAR NOS NO 2011 E AO REMATE DESTA LEXISLATURA.

DE SER UN CONCELLO DEBENDOR A ESTAR AO DÍA, DE PROVOCAR DESCONFIANZA A SER UNA ADMINISTRACIÓN PAGADORA E SERIA, E DE NON TER POSIBILIDADE DE INVESTIMENTOS A SER UN DOS CONCELLOS MAIS SANEADOS DE GALICIA E CON POTENCIAL PARA ABORDAR PROXECTOS DE FUTURO E MELLORES SERVIZOS.

O CONCELLO DE FOZ XA NON É UN LASTRE, NIN PARA AS ADMINISTRACIÓNS COAS QUE CONVIVIMOS NIN PARA OS ACREEDORES E PROVEEDORES QUE TRABALLAN CO CONCELLO.

PERO SOBRE TODO NON É UN LASTRE PARA OS SEUS VECINOS QUE DURANTE UNS ANOS VERON COMO A INCAPACIDADE ECONÓMICA LIMITABA A VIDA DIARIA E A POSIBILIDADE DE CRECEMENTO DO NOSO POBO.

TAL E COMO DICE O INFORME DE INTERVENCIÓN DO 10 DE XUÑO DE 2015, COMENZAREMOS UNHA LEXISLATURA, SEN DÉBEDA BANCARIA, E MOI CERCA DE CUMPRIR A LEI DE PAGOS A PROVEEDORES, ALGO IMPENSABLE HAI CATRO ANOS.

EMPEZAREMOS A LEXISLATURA CON MAIS DE 1.200.000 EUROS EN CAIXA, MÁIS DO DOBRE DO QUE A ATOPAMOS, TAL E COMO ATESTIGUA A ACTA DE ARQUEO DESE MESMO INFORME A 10 DE XUÑO, E CON MAIS DO 70 POR CENTO DE INGRESOS DO ANO PENDENTES POR RECAUDAR.

EMPEZAMOS UNHA LEXISLATURA CUN REMANENTE DE TESOURERÍA EN POSITIVO DE MAIS DE UN 1.200.000 DE EUROS O QUE PERMITIRÁ, FINANCIAR INVESTIMENTOS EXTRAORDINARIOS NECESARIOS PARA MELLORAR O POBO. A PESAR DE ESTAREMOS PRACTICAMENTE NA METADE DO ANO, SO HAI GASTADO UNHA TERCEIRA PARTE DO ORZAMENTO DO ANO 2015 E COMO DECÍAMOS ANTES QUEDA AINDA O 70 POR CENTO DOS IMPOSTOS POR RECAUDAR.

ESTES SON OS AVALES DA XESTIÓN DO NOSO EQUIPO DE GOBERNO DURANTE OS ANOS DE MÁIS CRISE DA DEMOCRACIA E CUN GOBERNO EN MINORÍA.

NINGUÉN PODERA DECIR QUE A ANTERIOR CORPORACIÓN DEIXOU HIPOTECADA Á NOVA RECIÉN CONSTITUÍDA, SENON TODO O CONTRARIO.

OS AQUÍ PRESENTES ATOPAMONOS CON UNHA SITUACIÓN ECONÓMICA FAVORABLE QUE VAI PERMITIR AFRONTAR OS FUTUROS 4 ANOS CON MAIOR GARANTIA.

O POBO, O PASADO 24 DE MAIO DECIDEU, O POBO DESEXA A PLURALIDADE DA CORPORACIÓN, NON QUERE MAIORIAS AUTORITARIAS, PERO DESEXA DIALOGO E ENTENDEMENTO.

A PASADA LEXISLATURA TROUXO UNA MELLORA ECONÓMICA DAS CONTAS MUNICIPAIS PERO TAMÉN E CERTO QUE DEIXA ASUNTOS SIN RESOLVER DE GRAN IMPORTANCIA MUNICIPAL.

RECOÑECER COMO MÁXIMO RESPONSABLE DA ANTERIOR CORPORACIÓN QUE ASUNTOS COMA O SANEAMENTO E A DEPURACIÓN DO NÚCLEO URBAN E O PLANEAMENTO URBANÍSTICO ,BASTANTE AVANZADO, QUEDARON SEN RESOLVER, E VAI TER QUE SER ESTA CAMARA RECEN CONSTITUIDA A QUE ASUMA A DIFÍCIL CARGA DE RESOLVER DITOS ASPECTOS QUE OUTROS CONCELLOS XA TEÑEN SOLVENTADO.

NON PODEMOS QUEDARNOS ATRAIOS E DEBEMOS DEIXARNOS DE INTERESES PARTIDISTAS, PERSONAIS OU MESMO LOCALISTAS, PORQUE SON ASPECTOS DE INTERESE XERAL, NECESARIOS E INDISCUTIBLES PARA QUE FOZ TEÑA ESE FUTURO QUE TODOS DESEXAMOS.

DESDE HOXE MESMO, QUERIDOS CONCELLEIROS, BRINDOME AO DIALOGO ABERTO E OFREZOME XUNTO COS MEUS COMPAÑEIROS DO GOBERNO A QUE NESTE PRÓXIMO MES ANTES DO PLENO DE ORGANIZACIÓN POÑAMOS ENCIMA DA MESA COMO QUEREMOS ABORDAR TODOS ESTES ASUNTOS E OUTRO IGUAL DE IMPORTANTE.

QUE É A GOVERNABILIDADE E A TOMA DE DECISIÓNS EFICACES, DENDE O DEBATE EN POSITIVO E NON DENDE O BLOQUEO OU O VICTIMISMO.

NA RECENTE CAMPAÑA ELECTORAL A MAIORIA DOS GRUPOS FIXEMOS ESA PROMESA AOS NOSOS VECINOS, A GRAN PROMESA POR RIBA DE CALQUER OUTRA OBRA OU INVESTIMENTO.

ESE DEBE SER O NOSO PRIMEIRO OBXETIVO, O ENTENDEMENTO E A FORMALIZACIÓN DE UN GOBERNO COA MÁXIMA ESTABILIDADE E PARTICIPACIÓN POSIBLE, DILIXENTE E CERCANO AOS VECINOS, QUE PRIORICE AS NECESIDADES BÁSICAS E A MODERNIZACIÓN DO CONCELLO BAIXO UN ÚNICO INTERÉS, O QUE REPRESENTA A GRAN MAIORIA DOS VECINOS DE FOZ.

NON SE PODE PERDER O TEMPO EN FORMALISMOS SUPERFICIALES, É POSIBLE FACER COUSAS XUNTOS E O MÉRITO SERÁ DOS QUE PARTICIPAN, POLO CONTRARIO O DEMERITO DE NON CHEGAR A ACORDOS É UN FALLO DE TODOS ONDE OS PERXUDICADOS SON OS VECIÑOS.

REMATO, DESEXANDOLLE O MELLOR E O MÁXIMO AGRADECIMENTO DE TODO O POBO DE FOZ A TODOS AQUELES CONCELLEIROS QUE DEIXARON A CORPORACIÓN, QUE A PESAR DAS DIFERENCIAS POLÍTICAS MANTIVERON SEMPRE O MÁXIMO RESPETO Á INSTITUCIÓN MUNICIPAL, E A TODOS OS QUE A CONFORMAN, VECIÑOS, EMPREGADOS OU REPRESENTANTES PÚBLICOS.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

E DESEXÁNDO MOITA SORTE A TODOS OS NOVOS CONCELLEIROS QUE HOXE PROMETISTEDES OU XURASTES COMA MIN, LEALTADE AO POBO DE FOZ, PARA QUE SEXA SEMPRE O INTERESE XERAL O QUE NOS LEVE AO CAMIÑO DO ENTENDEMENTO.

POR SUPOSTO AGRADECER A TODOS OS QUE ME RODEARON NESTES ANOS, A FAMILIA E AMIGOS, AOS CONCELLEIROS DO GOBERNO, E A TODOS OS VECIÑOS QUE ME MOSTRASTEDES A VOSA LEALTADE E COMPRESIÓN HACIA A MIÑA PERSOA, DE VERDADE QUE PROMETO NON DECEPCIONARVOS E SEGUIR O CAMIÑO TRAZADO NESTES CATRO ANOS TRATANDO DE MELLORALO SE É POSIBLE.

E MOITAS GRACIAS.-

A continuación o Sr. Alcalde cédelle a palabra a D. José Francisco Ramalleira Fraga, Concelleiro do PS de G-PSOE do Concello de Foz felicita ao Sr. Alcalde, deséxalle sorte e din que colaborará co goberno municipal en todos os asuntos que considere bos para o pobo. Desexa sorte para o resto de grupos e Concelleiros para que traballen en beneficio do pobo de Foz.-

Seguidamente, toma a palabra D. Luis Alfonso Sixto Legaspi, que, en nome de FPF, felicita ao novo Alcalde e expresa que o seu grupo vai a traballar como oposición responsable para construír un Foz mellor. Desexa sorte ao resto de Concelleiros.-

Por último, intervén Dna. Lorena Seivane García, e manifesta que desde o BNG pídese cordura á nova corporación e traballo en beneficio do pobo, *cordura e avante*.-

E non sendo habendo mais intervencións, o Alcalde-Presidente, levanta a sesión cando son as 12 horas e 25 minutos do día 13 de xuño de 2015, do que como Secretario dou fe e certifico.-

O ALCALDE

JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

O SECRETARIO

RICARDO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE)